

O Partido Socialista asume unha profunda renovación en Begonte con Ramón Campos como candidato á alcaldía

O alcaldable manifesta a súavontade “de gañar as eleccións para queneste municipio se governe para as persoas”, pois, asegura, “as actuacións do actual rexedor nada teñen que ver coconcellomáis aló do contacto directo que como veterinario ten cosveciños, e co que aproveita para facer política detrás da lareira, e non lle permiten ver a realidade, senón que vive nun universo paralelo”

Recoñece que chega á primeiraliña da política co fin de sumar nunproxecto común os intereses da cidadanía. O seuprojecto será “transparente, non como o do Goberno actual. Mentras estamos agardando a que os camiñossexan bacheados, destínansefondos públicos para o arranxo de corrais e accesos de particulares”

“Dar participación aos cidadáns”, será outra das premisas que aplicará o alcaldable se o vindeiro 24 de maio saelexido polos begontinos. A este respecto, denuncia a xestión levada a cabo polo Executivo local respecto da delimitación do Camiño Norte, e reta ao rexedor a “un debate público, diante dos veciños e veciñas, para que nos explique qué foi o que logrou, porque o único que fixo foi dividir aos cidadáns”

Coa súa elección abrése así unha nova etapa para os socialistas de Begonte. Aglutina xuventude e experiencia no desenvolvemento do concello, debido á súa posición de secretario Xeral e de persoa fortemente vinculada co municipio; lugar do que é natural e no que reside dende sempre

BEGONTE, 6 DE ABRIL DE 2015.-O Partido Socialista asume unha profunda renovación en Begonte con Ramón Campos Rodríguez como candidato á alcaldía. Así o acordou por unanimidade a agrupación local nunha reunión celebrada recentemente, e na que o alcaldable asumiu publicamente a súavontade “de gañar as eleccións para que neste municipio se governe para as persoas”, pois, asegura, “as actuacións do actual rexedor nada teñen que ver coconcellomáis aló do contacto directo que como veterinario ten cosveciños, e co que aproveita para facer política detrás da lareira, e non lle permiten ver a realidade, senón que vive nun universo paralelo”.

Nestes senso, Campos Rodríguez recoñece que chega á primeiraliña da política co fin de sumar nun proxecto común os intereses da cidadanía. Para elo, manifesta que o seuprojecto será “un proxecto transparente, non como o do Goberno actual pois, mentras estamos agardando a que os camiños municipais sexan bacheados, destínanse importantes fondos públicos ao arranxo de corrais e accesos de particulares”, denuncia.

“Dar participación aos cidadáns”

“Dar participación aos cidadáns”, será outra das premisas que aplicará o alcaldable se o vindeiro 24 de maio saelexido polos begontinos. A este respecto, denuncia a xestión levada a cabo polo Executivo local respecto da delimitación do Camiño Norte pois, subraia, “este xatranscorría por Baamonde; un trazado que, lembra, foi cambiado por *motu proprio* da Consellería, prexudicando gravemente tanto os intereses do pobo como a seguridade dos peregrinos; motivo que provocou a creación dunha plataforma que ten que custear os gastos sen ningún tipo de axuda por parte da entidade local. Por tanto, se sobrevive é grazas á aportación dos comeneiros do monte veciñal de Baamonde e aos empresarios afectados”, afirma.

Por este motivo, o candidato socialista reta ao rexedor a “un debate público, diante dos veciños e veciñas, para que nos explique qué foi o que logrou, porque o único que fixo foi dividir aos cidadáns, poñendoos en contra a uns dos outros”, crítica.

Ábrese unha nova etapa

Coa súa elección abrése así unha nova etapa para os socialistas deste municipio. Para elo, o novo candidato ofrece “traballo e esforzo”, xa que existe, di, “unha forma de gobernar distinta, na que a máxima serán os veciños e veciñas e non os fins particulares e partidistas”.

Datos do candidato

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo

Aglutina xuventude e experiencia. Ten 42 anos e dúas fillas, e mantén dende sempre un forte vínculo con Begonte; municipio do que é natural e no que ten o seu lugar de residencia. Na actualidade, é o secretario Xeral da agrupación local; posición que lle permite ter un amplo coñecemento da xestión municipal. Asemade, conta cunha ampla traxectoria no desenvolvemento do concello, pois foi o fundador da primeira asociación de veciños da súa parroquia (Saavedra), e unha das primeiras do concello. Como exemplo do traballo realizado neste cargo, destaca a adquisición do campo da festa, que era de titularidade privada; algo que, durante máis de 20 anos intentou acadar a entidade local, pero que nunca o conseguiu.

Malia estar nestes momentos desvinculado da actividade empresarial, é un emprendedor por natureza, pois con tan só 26 anos creou a súa propia empresa. E, tan só 4 anos máis tarde, xa tiña tres firmas ao seu nome, dedicadas á construción e ás enerxías renovables, e coas que chegou a dar traballo a máis dunha trintena de persoas e a superar o millón de euros de facturación.

Tamén foi vogal da Cámara de Comercio de Lugo, presidente da Asociación provincial e galega de Electricistas de Lugo (APIEL) e (FEGASINEL), respectivamente, así como membro da xunta directiva da CEL.